

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	40
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	43

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de once unidades didácticas cuxos títulos gardan relación co propio contido da unidade. Están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, hai que indicar que as lecturas obrigatorias propostas para cada trimestre corresponden a diferentes temáticas e autores. No primeiro trimestre lerán unha novela moderna de temática relacionada coa violencia machista que mestura dous escenarios producidos cun século de diferenza ; no segundo, unha novela moderna aínda que cagada de tintes clásicos e mitolóxicos; no terceiro trimestre, unha novela gráfica ambientada na época do Rexurdimento.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicación	Realización dunha toma de contacto inicial nas primeiras sesións. Repasaranse as distintas unidades lingüísticas así como al linguaxe humana e as características do signo lingüístico e os compoñentes da gramática. Explcarase a formación da lingua galega no contexto da Península Ibérica e os conceptos de latinización, substrato e superestrato así como as palabras patrimoniais cultas e semicultas. Verase a unidade es a diversidade das linguas atendendo á convivencia entre o estándar e as distintas variedades sociais contestuais e xeográficas. Farase un repaso de ortografía e morfoloxía: tiles diacríticos, perífrases verbais. Revisión de ortografía: vogais abertas e pechadas.	9	9	X		
2	A Idade Media canta e fala	Repaso das propiedades textuais e dos tipos de texto. Estudo do substantivo, a súa flexión morfolóxica de xénero e número e os seus compoñentes: lexema e tipos de morfemas. Clasificación dos tipos de palabra dependendo da súa composición. Recoñecemento do adxectivo, os seus constituíntes e a clasificación. Estudo das características da lingua galega na Idade Media, situación social neste período en repercusión que isto ten tanto na situación sociolingüística como coa creación e importancia na literatura. Veremos as fontes para o coñecemento da lírica medievais. Estudo da lírica profana e concretamente, da cantiga de amor, a súas características temáticas e formais e a relación co amor cortés e a lírica provenzal. Farase un repaso gramatical: uso do punto e coma; palabras homófonas e homógrafas; porque/por que.	10	11	X		
3	Digades mia filha, mia filha velida	Faráse unha análise do texto narrativo e a súa estrutura tipos e características. Coñecemento e caracterización das distintas linguas da Península Ibérica. Revisión dos de distintos tipos de determinantes: artigos, demostrativos posesivos, numerais e indefinidos. Tamén faremos un estudo dos valores especiais do demostrativo e do posesivo. Estudo ds cantigas de amigo e o seu valor como xénero máis xenuíno da nosa lírica, comprendendo os símbolos, recursos e peculiaridades que os conforman. Repaso de gramática e fonética: os puntos	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Digades mia filha, mia filha velida	suspensivos, vogais pechadas e abertas; o artigo nos topónimos; o uso do punto e coma e os dous puntos.	10	13	X		
4	Verbo do dito	Faráse unha análise do texto descritivo e a súa estrutura tipos e características. Estudo do verbo: conxugación e uso de tempos e modos; formas non persoais; as perífrases verbais. Explicarase a relación entre a lingua galega e a portuguesa e darase a coñecer o concepto de lusofonía e a súa importancia. Afondarase na lírica relixiosa medieval, en especial nas cantigas escarnio e maldicir. O alumnado deberá saber interpretar as obras ao abeiro do seu contexto sociohistórico. Faráse un repaso de ortografía relacionado cos signos de interrogación e exclamación e os paréntes e corchetes, así como dos grupos cultos consonánticos.	9	8		X	
5	Santa María estrela do día	Faráse unha análise do texto expositivo e a súa estrutura, funcións e características. Afondamento no verbo desde a súa vertente morfolóxica e tendo en conta os seus constituíntes. Tamén se explicarán os verbos semirregulares e as alternancias vocálicas que conducen á súa condición de semirregulares. Estudos dos verbos irregulares. Estudo en interpretación das Cantigas de Santa María como mostra da lírica relixiosa. Tamén se fará un achegamento á prosa galega medieval. Continuaremos co repaso dos grupos cultos consonánticos e traballaremos tamén o uso do guión e a raia.	9	12		X	
6	Falar para convencer	Faráse unha análise do texto argumentativo e a súa estrutura, funcións e características. Estudo e análise do pronome persoal e os seus usos e formas. Estudo da decadencia da lírica galego-portuguesa que conduciu aos Séculos Escuros que á súa vez se romperon coa chegada da Ilustración. O alumnado deberá saber interpretar as obras ao abeiro do seu contexto sociohistórico e como esta decadencia vai paralela á marxinación da lingua galega. Faráse un repaso da acentuación nas secuencias de verbo +pronomes/artigo.	8	12		X	
7	Poetizando	Nesta unidade faremos un achegamento aos distintos tipos de unidades textuais, a clasificación dos textos e os tipos de texto dependendo da súa intención. Estudo das formas literarias: voz lírica; rima e métrica; recursos estilísticos. Análise do poema. Afondarase na importancia do	9	9		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Poetizando	Rexurdimento e os precursores. Tamén se incidirá na importancia, características e xéneros da literatura tradicional, poñendo en valor a súa importancia para a sociedade analfabeta e a súa influencia na literatura de autor. Repasaremos o uso das maiúsculas e as minúsculas así como a acentuación dos interrogativos e exclamativos.	9	9		X	X
8	Que cante, que cante na lingua que eu falo!	Análise, interpretación valoración dos textos xornalísticos. Estudo das pabras invariables: adverbios, preposicións, conxuncións e relativos. Nesta unidade abordaranse os modelos de convivencia entre as linguas, as súas causas e consecuencias. Estudo da biografía e obra de Rosalía de Castro, relacionando as súas composicións co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria así como coa súa perspectiva de xénero. Repasaremos o uso das abreviaturas e certas contraccións que a miúdo o alumnado non fai con corrección.	9	8			X
9	Que din os Rumorosos?	Análise, interpretación valoración dos textos publicitarios. Nesta unidade abordaranse os principais fenómenos sociolingüístico así como as situacións, causas e consecuencias do contacto lingüístico. Estudo da biografía e obra de Eduardo Pondal, relacionando as súas composicións co seu contexto sociohistórico. Tamén repasaremos o uso de B/V	9	12			X
10	Todos somos lingua	Nesta unidade presentaremos os textos científicos, académicos e administrativos. Faremos tamén un achegamento á perspectiva lingüística mundial e ás familias nas que sen entroncan as distintas linguas. Finalizaremos co estudo da biografía e a obra de Manuel Curros Enríquez e cun pequeno achegamento aos poetas seguidores das tres grandes figuras do Rexurdimento. Repasarase o uso da grafía de H e algúns aspectos relacionados coa presentación e revisión dos traballos.	8	8			X
11	Imos ler!	Incluirase a lectura dunha obra literaria trimestral que se realizará fóra das horas de clase e de xeito individual para cada alumno, da que se dará conta nunha proba. As obras seleccionadas son: 1º Trimestre: Senlleiras de Antía Yañez ou As malas mulleres de Marilar Aleixandre (poderán elixir) 2º Trimestre: O Sol do verán de Carlos Casares. 3º Trimestre: Memoria da Choiva, de Pedro Feijoo.	10	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comunicación	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas	PE	90
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	A Idade Media canta e fala	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora o desenvolvemento histórico do galego-portugués en relación coas outras linguas da Península Ibérica.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e os seus recursos estéticos.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos.	TI	10
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital,

Contidos

- para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Digades mia filha, mia filha velida	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio	PE	90
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e lee de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixa constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade.	TI	10
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	Verbo do dito	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos	TI	10
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos.	TI	10
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.

Contidos
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
10	Todos somos lingua	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos.	PE	90
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos escritos e multimodais		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social.	TI	10
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes.

Contidos

- Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
11	Imos ler!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.	PE	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos complexos.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega, polo que propiciaremos que todos os nosos principios metodolóxicos vaian nesa dirección.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e terá en conta a diversidade do alumnado de cara a establecer estratexias didácticas que consideren os diferentes ritmos de aprendizaxe e as necesidades de cadaquén.

Estas metodoloxías deberán potenciar a autonomía do alumnado e favorecer a súa capacidade de aprender por si mesmo; para isto, é primordial que o profesorado actúe como coordinador e orientador en todo o proceso de aprendizaxe do alumnado, atendendo en todo momento as súas necesidades e dirixindo o proceso, o que equivale a adoptar un papel que non sexa o de mero transmisor de coñecementos perante un público pasivo e á espera da súa exposición.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de actividades baseadas en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

Fomentárase a posibilidade de realizar tarefas conxuntas e interdisciplinares, nas que se desenvolvan diversas competencias e poidan integrar con facilidade elementos transversais do currículo. A colaboración procurará ser especialmente activa co profesorado das outras materias de lingua (Lingua Castelá e Literatura, Inglés, Francés e Linguas Clásicas), traballando coa perspectiva do ensino de linguas nun currículo integrado.

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Lingua e Literatura ^{1º} Bacharelato. Ed. Obradoiro-Santillana, 2022

A actividade cotiá da aula contará co libro de texto como ferramenta máis inmediata e de referencia para o alumnado, o elixido polo departamento é Lingua e Literatura^{1º} Bacharelato. Ed. Obradoiro-Santillana, 2022.

Porén, este non será, o único material empregado. Manexaranse materiais variados que acheguen ao alumnado diferentes posibilidades de aproximación aos contidos e axuden a acadar coñecementos dun xeito significativo e duradeiro. En primeiro lugar, contarase coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC): a existencia de equipamento Abalar nunha das aulas materia do departamento servirá para o traballo habitual co alumnado. En relación con este aspecto, está o emprego da Aula Virtual Moodle dispoñible na páxina web do centro.

De relevancia é tamén o uso da biblioteca do centro, espazo que se aproveitará para traballos de investigación e empréstito de obras de lectura. Igualmente se introducirá ao alumnado no uso das bibliotecas virtuais.

Outro recurso importante nas aulas de lingua é o da prensa, tanto a prensa en papel como a dixital; na medida do posible trataremos de facer uso dela, malia o esforzo que supón atopar recursos destacables na prensa en papel, onde o emprego da lingua galega é, por desgraza, cada vez máis reducido.

Os recursos audiovisuais teñen unha presenza habitual nas aulas do noso departamento desde hai moito, indo moi unidos nos últimos tempos e por razóns obvias, aos recursos TIC. O emprego de vídeos, gravacións orais e dialectais, musicais, películas (especialmente adaptacións literarias), obras de teatro gravadas será unha axuda básica, fundamentalmente para os bloques de comunicación oral e de literatura.

Non hai que esquecer que todo o anterior é só un exemplo: todos os recursos do centro e mesmo o seu contorno son aproveitables como posible material que nos facilite o coñecemento dos aspectos máis diversos; o concepto de material será, pois, o máis aberto, flexible e variado posible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Pareceunos interesante levar a cabo nos primeiros días de clase unha pequena pescuda para ter unha idea das características do grupo e outros datos de interese en relación cos seus coñecementos previos.

Para isto realizouse unha proba de redacción e desenvolvemento textual para ter coñecemento das súas destrezas na escrita. Tamén se se realizou unha sesión de conversa relacionada cos contidos da materia co conxunto do grupo para indagar nas destrezas orais dos integrantes do mesmo; isto último completouse cunha batería de preguntas escritas para pescudar cal é o nivel de consolidación dos coñecementos adquiridos en ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	10	10	9	9	8	9	9	9	8
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	100	91
Táboa de indicadores	0	9

Criterios de cualificación:

A avaliación deberá ser obxectiva e adaptada ao alumnado con necesidades educativas especiais de calquera tipo.

Na etapa do bacharelato, empregaranse os seguintes procedementos de avaliación:

- Probas escritas.
- Producións textuais escritas.
- Observación sistemática.

Polo que se refire aos instrumentos de avaliación, usaranse os seguintes:

- Producións dos/as alumnos/as, en especial as probas e traballos.
- Rúbricas.
- Caderno do/a profesor/a.

O alumnado será avaliado de xeito continuo por trimestres. Logo deste proceso, no mes de xuño haberá unha avaliación extraordinaria para o alumnado que non superase o curso na avaliación ordinaria. A avaliación extraordinaria consistirá nunha proba única, cuxa cualificación suporá o 100% desta avaliación.

A avaliación atenderá aos seguintes criterios:

a) As probas escritas que se realicen nos trimestres constituirán o referente básico sobre o que se achará a cualificación. A media das probas escritas expresarase numericamente con dous decimais como moito e suporá o 80% para Bacharelato. No caso de realizarse máis dunha proba trimestral, a nota obterase mediante a media aritmética das realizadas.

b) O/A docente encargará a realización de diferentes tarefas prácticas, que suporán o 10% da cualificación trimestral. Seguirase esta táboa de valoración:

Adecuación e presentación

20%

Ortografía e corrección gramatical

30%

Coherencia e cohesión textual

30%

Riqueza e variedade de vocabulario

20%

c) En cada trimestre realizarase un control escrito ou un traballo determinado polo profesor ou profesora de, polo menos, un libro de lectura obrigatoria. A cualificación obtida no libro de lectura obrigatoria suporá o restante 10% da nota do trimestre. O libros elixidos para este curso serán os seguintes:

1ª avaliación: Senlleiras. Antía Yáñez. Ed. Xerais.

2ª avaliación: Mogana en Esmelle. Begoña Caamaño. Ed. Galaxia.

3ª avaliación: A memoria da choiva. Pedro Feijoo. Ed. Xerais

Seguirase esta táboa para a súa valoración valoración:

Realiza unha síntese eficaz do contido da obra que demostra a comprensión dela.

30%

Distingue de xeito correcto entre tema central e subtemas presentes no libro.

20%

Demostra a comprensión da mensaxe do autor/a.

10%

Responde de modo pertinente preguntas de índole específica. [Sobre parámetros concretos e importantes asemade, dentro da obra].

20%

Executa unha redacción clara e correcta.

10%

Presenta corrección ortográfica e mais gramatical propia do nivel de estudos.

10%

d) Para valorar as faltas de ortografía nas producións escritas, distinguirase entre falta considerada leve, que descontará 0,1 puntos e unha falta considerada grave, 0,2 puntos. O desconto, no caso dos traballos e tarefas, non excederá do máximo outorgado a este apartado na táboa de valoración dos traballos e tarefas.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

Criterios de recuperación:

Polo que se refire aos criterios de recuperación, o alumnado cualificado por debaixo de 5 na avaliación realizará unha proba escrita de recuperación da parte avaliabile correspondente ás probas escritas do trimestre anterior. A nota desta proba contabilizará do mesmo xeito e na mesma proporción (80% da cualificación trimestral) que as probas escritas ordinarias.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non é pertinente neste curso, dado que, malia que haxa alumnos ou alumnas que podan titular ao finalizar 4º de ESO con algunha materia pendente, estas non son obxecto de recuperación en 1º de Bacharelato.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é pertinente neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está moi implicado, dado o carácter instrumental das materias que imparte, por isto, a atención á diversidade será un enfoque permanente na actividade das aulas de Lingua Galega e Literatura.

Os/As docentes do departamento adoptarán sempre unha posición activa perante o seu labor nas clases, apoiando no seu traballo ao alumnado con máis necesidades e atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás dificultades que poidan xurdir.

Neste aspecto debemos citar o alumnado que está diagnosticado de trastornos como o TDAH ou TDA do que se detectaron neste nivel educativo dous casos cos que se seguirán os protocolos indicados polo Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.							X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.						X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.					X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero.		X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X		

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X		X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X	X	

Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os elementos transversais arriba indicados, dos cales algúns son específicos de determinadas unidades didácticas, pero outros poden e deben ser abordados en todas elas.

Por isto, ademais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla- obradoiro sobre as Cantigas galego-portuguesas.	Faráse conxuntamente con alumnado de 3º de ESO dado que está relacionada cos contidos de ambos cursos..é conxunta tamén co Departamento de Música. A musicóloga relatora visitará o noso centro.	X		
Participación e colaboración en actividades que, aínda sendo inicialmente propostas por outros departamentos, poidan ser de interese para o desenvolvemento dos contidos da nosa materia.	Visita á Illa de San Simón organizada polo Departamento de Xeografía e Historia para o alumnado deste curso e para 4º de ESO.		X	
Asistencia ás representacións teatrais e cinematográficas.	Segundo a oferta-programación do Auditorio de Padrón ou doutros da zona que poidan resultar de interese.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontros con escritores e escritoras.	Segundo sexan concertados para os distintos niveis ao longo do curso e en colaboración tanto co EDLG como coa Vicedirección do centro.	X	X	X
Outras actividades relacionadas coa materia.	Todas as que poidan xurdir dependendo da oferta cultural da zona e/ou de colaboración co EDL, a Biblioteca ou a Vicedirección.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Cumprimento da programación didáctica. Realízase un seguimento da programación didáctica? Hai coordinación no desenvolvemento da programación? Os criterios de cualificación son axeitados e están formulados claramente? Os contidos e os estándares de aprendizaxe son axeitados e desenvólvense adecuadamente? Alcázanse os obxectivos previstos? Propóñense diferentes instrumentos de avaliación (exames, traballos, exposicións)? Respectouse a distribución temporal de contidos e actividades?
Metodoloxía empregada
4. Materiais empregados. Hai correspondencia dos materiais empregados coa programación didáctica? Os recursos son compartidos e elaborados colaborativamente? Integración das TIC e dos medios audiovisuais? Trátanse os temas transversais? Aproveítanse didacticamente outros espazos do centro (biblioteca, laboratorio, patio)?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2. Desenvolvemento da actividade na aula. Realízanse explicacións e aténdense dúbidas? Desenvólvense actividades e tarefas de progresiva dificultade? Realízase programación de aula? Lévese control da asistencia?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
3. Proceso de ensino-aprendizaxe. Prográmase a avaliación inicial? Prográmanse actividades complementarias e extraescolares? Hai coordinación co profesorado titor? Hai coordinación entre o profesorado do departamento? Aténdese a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado? Hai acordos no departamento en canto á metodoloxía a desenvolver? Infórmase ás familias?

Descrición:

Os diferentes departamentos do centro integran unha táboa única para todos. Este sistema foi madurado en CCP e aprobado polo claustro de profesores do IES Camilo José Cela durante o curso 2017-2018. Mediante esta táboa realízase unha avaliación da práctica docente por parte dos membros de cada departamento e servirá como instrumento de posta en común co resto do profesorado e dos departamentos.

En reacción cos obxectivos arriba apuntados, obsérvanse tres niveis de logro: alto, medio e baixo a partir dos cales se fai unha observación por parte do profesorado e se presentan as propostas de mellora que resulten necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpríuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais .

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Inclúese a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse analizando o seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

9. Outros apartados